



.....

Xornada

Comunidades e PCI. A salvagarda do patrimonio cultural inmaterial de Galicia

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
13 de novembro de 2025



O artigo 68 da Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) establece como obrigatorias a identificación, documentación e investigación do patrimonio cultural inmaterial (PCI), unha tarefa pendente, imprescindible e urxente para garantir a súa salvagarda. Cómpre lembrar que o PCI, como patrimonio vivo, segundo reconece a UNESCO, corre o risco de desaparecer no momento en que deixa de manifestarse. Este feito relaciónase, por exemplo, coa perda das persoas que exercen a actividade —como no caso dos oficios tradicionais— ou co abandono de determinadas prácticas relixiosas e saberes herdados.

A documentación e o rexistro das distintas manifestacións do PCI en Galicia deberían preceder calquera proceso de recoñecemento formal dos elementos patrimoniais, especialmente antes da súa declaración como bens de interese cultural (BIC).

A xornada pretende ser un espazo de debate e elaboración de propostas, a partir das experiencias dos Encontros «Comunidades e PCI» desenvolvidos ao longo do ano. Estes encontros, realizados en colaboración coas comunidades portadoras e nos seus propios territorios, puxeron de manifesto a vulnerabilidade do patrimonio inmaterial, así como as dificultades na súa transmisión e a necesidade urxente de medidas de protección e dunha salvagarda activa, colectiva e en constante evolución.

A partir dun modelo de xestión definido na LPCG, que goza de recoñecemento, e do seu nivel de aplicación e resultados, a xornada quere poñer sobre a mesa as carencias que presenta o tratamento actual do patrimonio cultural, centrado case exclusivamente na declaración de bens de interese cultural.

Fronte a esta visión, explorarase o potencial dun traballo en rede no territorio, onde sexan as comunidades o eixo central da acción patrimonial. Neste enfoque, o patrimonio cultural inmaterial sitúase ao servizo das propias comunidades, contribuíndo ao seu benestar, á súa identidade colectiva e á continuidade das súas prácticas culturais vivas.

Programa

Sesión da mañá

9:30 horas
Presentación

9:45 horas
Presentación do informe do CCG *A situación da salvagarda do patrimonio cultural en Galicia*
Rebeca Blanco Rotea e Teresa Nieto Freire, Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

10:30 horas
Do Censo de patrimonio cultural á Lista de patrimonio cultural inmaterial da UNESCO
Guadalupe Jiménez-Esquinas, antropóloga, Universidade de Santiago de Compostela

11:15 horas
Galicia Nomeada: un modelo de plataforma colaborativa para a recolleita de patrimonio cultural inmaterial
Vicente Feijoo Ares, coordinador técnico de Galicia Nomeada, Real Academia Galega

12:00 horas
Descanso

12:30
Mesa redonda
Tecer redes arredor do PCI. As asociacións e as institucións da memoria no territorio
Modera: **Ana Estévez Lavandeira**, Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

14:00
Peche da sesión da mañá

Sesión da tarde

17:00 horas
Mesa redonda
A salvagarda dun PCI vivo. Comunidades e patrimonio cultural inmaterial: problemas comúns e retos compartidos
Modera: **Teresa Nieto Freire**, Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

- **Ana García Lenza**, lingüista (A música, o canto e o baile)
- **Manuel Chaín Pérez**, arquitecto (Os oficios do mar)
- **Ángeles Santos Vázquez**, arquitecta (A rega tradicional)
- **Tatiana R. Fírvida**, directora de danza (Danzas brancas)

19:00 horas
Debate

19:30 horas
Peche da xornada

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Coordina

Ana Estévez Lavandeira
Teresa Nieto Freire

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

